



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA DAR A COÑECER A FIGURA DE DOMINGO DE ANDRADE, ARQUITECTO AO QUE ESTÁ DEDICADO O DÍA DAS ARTES GALEGAS 2020.

Don Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991

Doña Elena Ampudia Aixendri, con NIF 09792819V, actuando en nome do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con CIF Q1575005B, en calidade de decana, en virtude das facultades representativas que estatutariamente ten atribuídas (artigo 38a) dos seus Estatutos aprobados por decreto 105/2016 e publicados no D.O.G. nº 153 do 12 de agosto de 2016.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia consideran de interese público dar a coñecer a figura de Domingo de Andrade, arquitecto ao que está dedicado o día das Artes Galegas 2020, poñendo en valor as súas obras por toda a xeografía galega.

Domingo de Andrade (Cee, A Coruña, 1639-Santiago de Compostela a, 1712) comezou a traballar na capital compostelá en 1662 e fíxoo como entallador de oficio, preocupado





principalmente pola estrutura compositiva de retablos en madeira. Algunhas das súas obras son: o tabernáculo da Catedral de Santiago, estrutura que repetirá no baldaquino da Capela do Santo Cristo da Catedral de Ourense e o baldaquino do Altar Maior da igrexa do mosteiro de Oseira.

En 1676 é nomeado Mestre Maior de obras da Catedral Compostelá, comezando coa súa primeira obra: a Torre do Reloxo (1680) caracterizada pola súa monumentalidade e solidez en harmonía co conxunto catedralicio. En 1696 o cabido santiagués encárgalle a nova Sancristía (hoxe Capela da nosa Señora do Pilar) da que fixo as trazas e foi substituído por Casas Nóvoa en 1711.

En 1700 realizou o Pórtico Real da Quintana, horizontalidade en contraste coa esvelteza da Torre do Reloxo. Así mesmo, traballou no convento de Santo Domingo de Bonaval en tres partes principais: a fachada da portaría, os cuartos e o claustro onde aparecen as súas características sartas de froitas e o virtuosismo da afamada escaleira de caracol. Resultan destacables, como mostra de arquitectura urbana, a Casa da Parra (1683) e a Casa de a Conga (1709) que el comezou, aínda que finalmente a realización atribúeselle a Casas Nóvoa. Ademais, fóra de Compostela, realizou, entre outras, a sala capitular e a sancristía da Catedral de Lugo, interiores tamén co seu característico encalado en branco.

Personalidade posuidora dunha gran cultura, debido á súa relación, desde 1658, co cóengo fabriqueiro don José de Veiga e Verdugo. A súa obra *“Excelencias, antigüidade e nobreza da Arquitectura”* (Santiago, 1695) vén demostrar a súa erudición e expresa a súa teoría arquitectónica.

Domingo López de Andrade inicia a época dos grandes arquitectos galegos xa que, até a súa consolidación como mestre de obras da Catedral de Santiago en 1676, a inmensa maioría dos arquitectos que traballaran nos talleres catedráticos habían chegado doutros territorios.

Desenvolve unha importante tarefa construtiva que abarca todo o territorio galego con obras en Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Tui, abrindo camiño do que será a gran época do barroco galego. É por iso que, sen a súa figura, é todo punto imposible entender o que foi a arquitectura en Galicia desde o medievo, o século XVII e o século XVIII nin, tampouco, o que significou a





transformación da cidade de Santiago na contorna catedralicia das prazas de Praterías e a Quintana.

As súas obras máis importantes son fitos significativos na historia da nosa cultura: a Torre do Reloxo, a súa primeira obra con só trinta e sete anos e recentemente estreada a súa condición de mestre de obras da Catedral santiaguesa, o Convento de Bonaval e a súa prodixiosa escaleira, a Capela do Pilar e a Casa da Conga. Son obras que, cada unha delas por si soa, xustifican unha visa profesional. Se engadimos as súas intervencións nas Catedrais de Lugo, Ourense e Tui, comprenderemos parte da súa transcendencia.

Unha visión completa do seu quefacer debería mencionar varios edificios de vivendas nobres, quizá a máis coñecida a Casa da Parra, na praza da Quintana.

O seu labor artístico ten outra vertente importante como entallador, proxectando e construindo varios retablos en diversas igrexas e mosteiros.

As súas inquietudes intelectuais leváronlle a redactar o único tratado de arquitectura galego “Excelencias da Arquitectura” e a interesarse pola Arquitectura Militar, descoñecendo se chegou a redactar un tratado sobre ela.

Domingo López de Andrade é un arquitecto que coas súas obras demostrou que a arquitectura é un ben de interese público. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, coa intención de dar a coñecer a figura do arquitecto Domingo López de Andrade a toda a cidadanía poñendo en valor as súas obras por toda a xeografía galega, vai a realizar unha exposición itinerante polas cidades de Santiago, Lugo, Ourense e Tui, cidades nas que a súa obra quedou reflectida.

Polo tanto, dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais, para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.





Con data 30 de abril de 2020 o Consello da Xunta de Galicia acordou aprobar o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do Covid-19. As actuacións que se recollen neste convenio encaixan dentro do eixe 2 “*mantemento do emprego cultural*” medida: “*axudas para o fomento e dinamización da cultura*”.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Colexio oficial de Arquitectos de Galicia teñen un interese común e coincidente en promover un programa conxunto encamiñado á realización dunha exposición para dar a coñecer a figura de Domingo de Andrade, arquitecto ao que está dedicado o día das Artes Galegas 2020, poñendo en valor as súas obras por toda a xeografía galega.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2020, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para desenvolver un programa conxunto encamiñado á realización dunha exposición para dar a coñecer a figura de Domingo de Andrade, arquitecto ao que está dedicado o día das Artes Galegas 2020, poñendo en valor as súas obras por toda a xeografía galega.

Actuación. Exposición sobre a figura de Domingo de Andrade baixo o título: Domingo de Andrade “Xenio, Gloria e Oficio”. Custo total 12.000 €.

Programa para a exposición

Trátase da realización conxunta dunha exposición formada por 8 prismas de 4 caras en formato 1.5 x 2 metros cada unha das caras.

Os prismas están formados por unha estrutura modular de 48 mm de sección con unións galvanizadas para exterior. Os paneis expositivos son lonas impresas unidas á estrutura soporte mediante bridas transparentes.





Este formato permite a itinerancia da exposición e unha fácil montaxe-desmante, así como a posibilidade da realización de exposición no exterior. A exposición terá lugar nos concellos de Santiago de Compostela, onde se inaugurará, Lugo, Ourense e Tui.

O contido de cada un dos prismas sería el seguinte:

PRISMA 1: PRESENTACIÓN.

Vista de Cee actual e plano antigo. Datos biográficos.

Gravados do XVII dun entallador e un canteiro. Fotos de instrumentos do oficio.

O libro de Andrade. Foto e análise do orixinal

Distribución da súa obra en Galicia, plano e fotos.

Elementos decorativos propios: en madeira e en cantaría, detalles arquitectónicos, detalles de escultura, froitas e pináculos.

PRISMA 2: ENTALLADOR DE RETABLOS DA CATEDRAL DE SANTIAGO.

Tabernáculos: Retablo maior da catedral.

Cristo da catedral de Ourense

Tabernáculo de Oseira

Retablo da virxe do Rosario. Santo Domingo A Coruña.

Retablo de Santa Clara en Santiago.

Retablo en San Agustín, Santiago.

PRISMA 3: ARQUITECTO DA CATEDRAL de SANTIAGO.

Torre do Reloxo.

Pórtico Real.

Torre da Carraca.

Fachada da Quintana e Porta Santa

PRISMA 4: DESEÑADOR DE SANCRISTÍAS.





Capela do Pilar Catedral de Santiago.

Sacristia Catedral de Lugo

Claustro Catedral de Lugo.

Planos comparativos con outras sancristías.

PRISMA 5: O MESTRE DOS DOMINICOS.

Claustro e portaría de Bonaval.

Dependencias do convento.

Escaleira de tripla rampla.

Planos e detalles decorativos.

PRISMA 6: ARQUITECTO DE CONVENTOS.

Obras en Santa Clara de Santiago.

Cruceiro e sancristía de Sobrado

Igrexa da Concepción en Tui

Igrexa da Orde Terceira en Santiago.

PRISMA 7: CONSTRUTOR DE OBRA CIVIL.

Casa da Parra Santiago.

Convento Jesuitas na Coruña.

Pazo Santa Cruz de Rivadulla.

Casa da Conga e outras.

PRISMA 8: A súa PEGADA E DISCÍPULOS

Fernando de Casas Novoa. Comparación coas súas obras.

Simón Rodríguez. Comparación coas súas obras.

Influencia da súa obra en España, torres campanario, baldaquinos, fachadas.





SEGUNDA.- Obrigas do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Mediante a sinatura deste convenio o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia comprométese a realización dunha exposición formada por 8 prismas de 4 caras en formato 1,5 x 2 metros cada unha das caras.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia encárgase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas neste convenio. A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico relacionado coas actividades obxecto do convenio.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- Financiamento





O custo total das actuacións previstas no convenio ascende a 12.000 €.

A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega de 10.000 €, para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 11.20.432B.640.1, proxecto 2015 00374.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia alcanzará a cantidade de 2.000 € así como os medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización das actuacións.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a correspondente achega o Colexio Oficial de Arquitectos presentará electronicamente, coa data límite do 20 de decembro de 2020, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2020 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.





No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura e Turismo e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.





Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

SETIMA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais ou a persoa en quen delegue, e pola decana do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou a persoa que designe en substitución.

NOVENA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DECIMA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal





xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Pola Consellería de Cultura e Turismo

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Román Rodríguez González

Elena Ampudia Aixendri

